



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO GROVE PARA A PRESENTACIÓN DA FESTA DO MARISCO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Grove o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello do Grove, para o apoio á presentación en Irlanda da LV edición da Festa do Marisco. Este concello como entidade organizadora dos actos da festa ven desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O concello do Grove ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Marisco.





Terceiro.- A Festa do Marisco do Grove, declarada de Interese Turístico Nacional no ano 2013, é un evento de prestixio dedicado á degustación dos produtos do mar, especialmente o marisco e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter os seus sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística e sitúase coma o evento máis adecuado para dar a coñecer a riqueza da gastronomía da nosa comunidade. O seu atractivo turístico vén representado pola posibilidade de paladear os mellores mariscos galegos a prezos populares e nun gran recinto á beira do mar e do porto pesqueiro do Grove.

Cuarto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Quinto.- A través deste convenio, outórgase ao concello do Grove unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

